

# ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DE DEBUXO

## CURSO 2021-2022

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, que regula o dereito do alumnado á obxectividade da avaliación e establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e as decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, obriga a contextualizar a Programación Didáctica anual aos cambios no procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria por medio desta ADDENDA.

Os cambios no calendario de fin de curso propostos nos grupos da ESO e 1º de Bacharelato, no período que vai desde o 6 de xuño ata a Avaliación Ordinaria a finais do mesmo mes, implicarán novos medios de atención e avaliación do alumnado.

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL NA ESO.

#### 3ª AVALIACIÓN E AVALIACIÓN ORDINARIA DE XUÑO

Na 3ª Avaliación se aplicarán os mesmos instrumentos que nas anteriores, reflectidos na programación anual do Departamento.

Ao longo do curso, os alumnos que non obteñan a cualificación de aprobado nunha avaliación, presentarán os exercicios suspensos ou non entregados.

Se, pasada a avaliación, un alumno quere subir nota, poderá repetir os exercicios ou presentar outros que incrementen a nota final da devandita avaliación.

Non se prevé facer probas escritas, salvo en casos concretos como ausencias por causas xustificadas ou algún tipo de incapacidade, exames aos que o alumno ten pleno dereito.

Cada unidade temática avaliarase tendo en conta a calidade, orixinalidade e limpeza das tarefas propostas polo profesor, tanto de carácter individual como de grupo.

A cualificación de cada exercicio irá de 0 a 10, segundo os criterios antes mencionados, así como a puntualidade no momento da súa entrega.

A cualificación do alumnado en cada avaliación establécese segundo os seguintes criterios:

**-Actividades prácticas** (Traballos individuais, proxectos colectivos, etc.): **80 %**

Por exemplo, se as notas dos exercicios fosen:

$8+3+5+7+6+8$ , determinaríase a súa media aritmética  $37:6=6,17$

$80\%$  de  $6,17=4,93$

**-Actitude:** Cualificarase de 0 a 10 , e abarcará os seguintes aspectos:

- Colaboración no traballo de aula.
- Cooperación e respecto cara ao profesor e compañeiros.
- Puntualidade.
- Atención en clase.
- Puntualidade na entrega de exercicios.
- Traída e coidado do material.
- Comportamento en xeral.

Se o alumno obtén un 6 de media neste apartado, aplicaráselle unha porcentaxe na nota de avaliación do **20%**.

$$20\% \text{ de } 6=1,2$$

$$4,9+1,2=6,1$$

O alumno obtería un 6 na avaliación.

Segundo o decreto 86/2015, en caso de equidistancia decimal na nota media pasarase ao dígito superior.

## AVALIACIÓN FINAL 1º 3º e 4º da ESO.

Período comprendido entre a 3ª Avaliación e a Avaliación final.

### 1. ALUMNADO QUE TEN SUPERADA A MATERIA:

Se un alumno aproba todas as avaliacións, a nota final será a media das tres.

Estes alumnos realizarán actividades que se avaliarán cun máximo de 0,5 puntos, que se sumarán á nota obtida a partir da media das tres avaliacións.

Así mesmo, terá a posibilidade de repetir aqueles exercicios nos que non sacase boa nota ou aqueles que queira mellorar cuxas cualificacións influirán na nota final.

Propoñeranse actividades de ampliación ou contidos que non se viron durante o curso por falta de tempo.

Dado que as semanas previstas desenvolveranse durante o mes de xuño, algunhas actividades poderán realizarse no exterior do instituto, dentro do seu recinto, como apuntamentos do natural ao aire libre, empregando distintas técnicas de debuxo e pintura, traballos en grupo, carteis, etc...

## **2. ALUMNADO QUE NON TEN SUPERADA A MATERIA:**

Despois do plan de recuperación fixado polo Departamento, os alumnos que non acaden unha cualificación positiva nunha ou varias avaliacións seguirán as directrices do plan de recuperación marcadas polo profesor correspondente de cada curso.

Se un alumno ten unha ou dúas avaliacións suspensas, traballará para recuperar esa parte específica presentando as tarefas que non entregou no seu momento ou aquelas que non aprobou.

Na nota da avaliación ordinaria farase media co resto das avaliacións, tendo en conta os novos resultados acadados.

No caso de que un alumno teña toda as avaliacións suspensas, este necesitará dunha atención máis global na que se traballe en base a uns contidos mínimos.

A cada alumno que se atope nesta situación, faráselle un informe individualizado que formará parte do Plan de Atención á Diversidade do Departamento para o curso presente e posteriores.

## **PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA EN BACHARELATO**

Os alumnos que non alcancen os mínimos esixidos na terceira avaliación e avaliación final a principios do mes de xuño, terán que presentarse á proba extraordinaria de finais de xuño na data indicada pola Xefatura de Estudos.

Ademais deste exame, o alumno entregará as láminas que non aprobe ou non entregue ao longo do curso, que lle permitirán incrementar ata un punto á nota final no caso de que estean correctamente executadas.

## **INTERCAMBIO CON ITALIA 1º BACHARELATO**

Este ano temos un alumno de 1º de BAC A cursando a materia de Debuxo Técnico I en Italia durante a segunda avaliación.

Para o cálculo da súa nota na avaliación ordinaria, teranse en conta as cualificacións das probas realizadas durante o primeiro trimestre, as realizadas no centro de intercambio durante o segundo e as do terceiro no centro de orixe IES Ollos Grandes.

Como todos os seus compañeiros, terá a posibilidade de presentarse ao exame final para subir nota e achegar as láminas que lle permitan aumentar esta ata un punto.